

BASES PARA A SELECCIÓN DE 20 ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CUMES DE TERRA CHA IX”. PROMOVIDO POLO CONCELLO DE RÁBADE

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

O obxecto das presentes bases é establecer o proceso de selección de persoas alumnas-traballadoras participantes no Obradoiro Dual de Emprego “Cumes da Terra Cha IX”, obradoiro concedido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025).

O obradoiro dual de emprego “Cumes da Terra Cha IX” configúrase como un programa experiencial que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

A selección, que irá precedida da tramitación de **oferta de emprego** pola correspondente oficina de emprego, será realizada polo concello de Rábade, entidade promotora, de conformidade co disposto no artigo 10 da orde de convocatoria, e a incorporación do alumnado ao proxecto será a través da modalidade do contrato de formación en alternancia.

Na oferta de emprego terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, terán prioridade aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral con anterioridade á resolución da convocatoria, sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se vaian impartir no obradoiro.

Ademais, terán prioridade as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas paradas de longa duración; as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas maiores de cincuenta e dous anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados profesionais de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

A sondaxe non debe incluír a persoas que xa participaran en tres obradoiros/programas de



formación-emprego con anterioridade a esta convocatoria, agás cando se trate de participación en obradoiros para cursar especialidades formativas correspondentes ás familias profesionais agraria relacionados con algún dos seguintes ámbitos: aproveitamentos forestais, xestións de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, xestión de aproveitamentos forestais, repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, actividades auxiliares en aproveitamentos forestais, actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, actividades auxiliares en gandería e calquera outro ámbito dentro desa familia que poida estar relacionado; e tamén certificados profesionais da familia profesional de seguridade e medio ambiente relacionados coa vixilancia e extinción de incendios forestais ou coa construción, instalación e mantemento de infraestruturas de prevención e extinción dos ditos incendios.

Terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participaran nun obradoiro/programa de formación emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores. E, de ser o caso, indicar aqueles candidatos que tiveran participado nestas convocatorias a efectos de realizar o baremo de selección. As persoas candidatas que non participaran nas últimas cinco convocatorias deben obter unha puntuación no baremo empregado pola entidade promotora de ao menos un 25% sobre a puntuación desta fase do proceso selectivo.

A etapa de formación en alternancia coa práctica profesional terá unha duración de nove meses, a xornada completa e estará dirixida a aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

2. RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO – TRABALLADOR PARTICIPANTE COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas. As persoas alumnas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

Dende o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, o alumnado - traballador seleccionado, será contratado pola entidade promotora na modalidade de contrato de traballo de formación en alternancia.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (O proxecto terá unha duración de 9 meses).

3. PUBLICIDADE

Estas bases serán remitidas á dirección territorial correspondente e expostas nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Lugo Sur (oficina tramitadora da oferta), nos taboleiros de anuncios e sede electrónica do Concello de Rábade (<https://rabade.sedelectronica.gal/info.0>) e dos concellos de Begonte (<https://begonte.sedelectronica.es/info.0>) e Friol (<https://friol.sedelectronica.gal/info.0>), concellos asociados no proxecto.



4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

A) Requisitos xerais:

- Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.
- Estar en posesión de algún dos seguintes títulos ou certificados profesionais: Título graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente a efectos de acceso; certificado de profesionalidade de nivel de 1 da mesma familia profesional á que se concorre; certificado de profesionalidade de nivel 2 doutras familias profesionais.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

B) Requisitos específicos:

- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

5. CAUSAS DE EXCLUSIÓN

Non cumprir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da selección e no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.

No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, con independencia de que o rematase con resultado de apto ou non, non poderá optar á selección para recibir formación en igual certificado profesional, excepto que o certificado a cursar sexa de nivel superior.

Non poderán participar neste obradoiro de emprego aqueles que participaran en tres obradoiros/programas de formación-emprego con anterioridade a esta convocatoria, agás cando se trate de participación en obradoiros para cursar especialidades formativas correspondentes ás familias profesionais agraria relacionados con algún dos seguintes ámbitos: aproveitamentos forestais, xestións de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, xestión de aproveitamentos forestais, repoboacións forestais e tratamentos silvícolas, actividades auxiliares en aproveitamentos forestais, actividades auxiliares en conservación e



mellora de montes, actividades auxiliares en gandería e calquera outro ámbito dentro desa familia que poida estar relacionado; e tamén certificados profesionais da familia profesional de seguridade e medio ambiente relacionados coa vixilancia e extinción de incendios forestais ou coa construción, instalación e mantemento de infraestruturas de prevención e extinción dos ditos incendios.

6. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Constituirase un Tribunal de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando concorran algunha das causas presentes na vixente lexislación.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello.

Os membros do tribunal designaranse por Resolución de Alcaldía e non poderá actuar ou constituírse sen presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente/a e do secretario/a.

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto expresamente nestas bases.

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante o tribunal no prazo de 2 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

7. OFERTA DE ACTIVIDADE

Unha vez constituído o tribunal, e aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van a participar no obradoiro dual de emprego, presentaranse na oficina de emprego as ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe. Neste caso correspóndelle tramitar as ofertas á oficina de emprego de Lugo Sur.

OFERTA 1





- Ámbito territorial: Concello de Rábade.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4
- Especialidades formativas a cursar: EOCB0211 Pavimentos e albanelaría de urbanización.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: 7240.1051 Pavimentadores con adoquíns. 7199.1076. Poceiros en redes de saneamento. Albanel de Urbanización. Pavimentador con baldosas e lousas. Pavimentador a base de formigón. Xefe de equipo de albaneis de urbanización.
- Nivel profesional: 2.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados nos Reais decretos que regulan os certificados profesionais e os demais esixidos nestas bases.
- Candidatos por posto: sempre que sexa posible 3.

OFERTA 2

- Ámbito territorial: Concello de Begonte.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 9
- Especialidades formativas a cursar: EOCB0211 Pavimentos e albanelaría de urbanización.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: 7240.1051 Pavimentadores con adoquíns. 7199.1076. Poceiros en redes de saneamento. Albanel de Urbanización. Pavimentador con baldosas e lousas. Pavimentador a base de formigón. Xefe de equipo de albaneis de urbanización.
- Nivel profesional: 2.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados nos Reais decretos que regulan os certificados profesionais e os demais esixidos nestas bases.
- Candidatos por posto: sempre que sexa posible 3.

OFERTA 3

- Ámbito territorial: Concello de Friol.
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidades formativas a cursar: EOCB0108 Fabricas de albanelaría.
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: 7110.001.6 Albanel. 7110.005.0 Colocador de ladrillo cara vista. 7110.005.0 Albanel caravistero. 7110.002.7 Mamposteiro. Colocador de bloque prefabricado. Albanel tabiqueiro. Albanel pedra construción. Oficial de miras. Xefe de equipo de fábricas de albanelería.
- Nivel profesional: 2.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados nos Reais decretos que regulan os certificados profesionais e os demais esixidos nestas bases.
- Candidatos por posto: sempre que sexa posible 3.

Para o suposto de non atopar o número mínimo de persoas candidatas, o ámbito territorial poderá ser ampliado en primeiro lugar aos concellos participantes nos proxectos, e se fose



preciso, a outros concellos tendo en conta a proximidade xeográfica.

Realizada a preselección de candidaturas polas oficinas de emprego, a entidade promotora, comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

As persoas candidatas desempregadas deberán acompañar para a súa presentación no Rexistro do Concello de Rábade, a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos relacionándose no anexo II), obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable), ata as 14 horas do día 21 de maio de 2026.

8. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

Despois da presentación de todas as persoas candidatas incluídas na lista remitida pola Oficina de Emprego, a alcaldía ditará unha resolución, no prazo máximo de 3 días, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Rábade e na sede electrónica, indicárase un prazo de dous días hábiles para a emenda; este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica <https://rabade.sedelectronica.gal>. Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a alcaldía aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, nun prazo máximo de 2 días hábiles, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, na que se sinalará a data e hora na que se constituirá o tribunal. No caso de non existir persoas candidatas excluídas nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de persoas aspirantes admitidas, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá.

9.SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección consistirá en dúas fases, entrevista persoal e valoración de méritos.

a) Entrevista persoal

O tribunal en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 7 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas e na páxina web da entidade promotora.

b) Baremación de méritos obxectivos

No Anexo II ven establecido un baremo obxectivo por medio do cal serán avaliadas as



circunstancias persoais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego cunha puntuación máxima de 23 puntos.

Para a valoración dos méritos é requisito indispensable a presentación no momento da presentación da instancia da documentación sinalada no Anexo II, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao tribunal constituído para realizar a selección. De non presentar esta documentación, os méritos non serán valorados.

En todo caso, na selección do alumnado traballador, a entidade promotora deberá seguir o procedemento e cumprir os requisitos e criterios de preferencia de selección establecidos nas bases aprobadas, e conforme ao disposto no artigo 10 da orde de convocatoria.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinará a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas seleccionadas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritas) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios do Concello de Rábade e na súa sede electrónica (<https://rabade.sedelectronica.gal/info.0>).

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis persoas candidatas, terá preferencia:

- A persoa de maior antigüidade no desemprego
- As persoas emigrantes retornadas
- As mulleres en xeral
- As mulleres vítimas de violencia de xénero
- As persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego
- As persoas maiores de cincuenta e dous anos e de FP de grao superior

Se non se acada o número mínimo de alumnado traballador a incorporar en calquera dos concellos integrantes do Obradoiro “Cumes da Terra Cha IX”, terán preferencia para incorporarse as persoas participantes na selección que quedaran na listaxe de reserva dos outros concellos.

O tribunal asinará a acta de todo o actuado, por triplicado exemplar, e remitirá un exemplar á oficina de emprego correspondente e á dirección territorial

10. LISTAXE DE RESERVA

O tribunal, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha listaxe de reserva integrada polas persoas



candidatas que, non sendo seleccionadas, cumprisen os requisitos para poder participar no obradoiro. Neste caso, a entidade promotora poderá propoñer ás persoas da listaxe que obtivesen a maior puntuación. En caso de esgotarse esta listaxe iniciárase un novo proceso de selección.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a, de conformidade co disposto na instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego, que regula os procedementos de selección do persoal directivo, docente, de apoio e alumnado-traballador destes programas de emprego

11. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As persoas seleccionadas polo tribunal serán admitidas para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumpran os requisitos destas bases e da orde de convocatoria.

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

12. RECOÑECIMENTO MÉDICO

As persoas candidatas propostas para a contratación deberán pasar un recoñecemento médico no servizo de prevención, no que serán declarados aptos ou non aptos.

Só poderán ser contratados os/as aspirantes declarados/as como aptos/as polo servizo de prevención.

13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do artigo 13 Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 (RGPD) e o artigo 11 da Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais 3/2018 (LOPDGDD) informásele que o responsable do tratamento dos seus datos de carácter persoal é o Concello de Rábade. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público. A finalidade dos datos recadados é facelo partícipe no procedemento de selección de persoal. Informarlle que se contemplan cesións de datos en cumprimento de obrigas legais. Vostede ten dereito a acceder, rectificar, suprimir, portar e limitar os seus datos de carácter persoal tal e como se expón na información adicional que pode consultar en <https://rabade.sedelectronica.gal/info.0>



ANEXO I

(MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D. _____, con DNI _____,
domicilio para efectos de notificación en _____, e
nº de teléfono _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO. Que reúno os requisitos xerais e específicos desta convocatoria:

A) Requisitos xerais:

- Ter dezaioito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.
- Que cumpre cos requisitos de acceso sinalados polo Real Decreto que regula o certificado profesional de nivel da especialidade formativa convocada
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

B) Requisitos específicos:

- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

SEGUNDO. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección.

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de **ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CUMES DA TERRA CHA IX”**.

_____, _____ de _____ de 20____

O solicitante,

Asdo.: _____



ANEXO II

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

1.- MULLERES:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.....2 puntos
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior.....1 puntos

2.- IDADE:

- Mai de 52 anos1 puntos

3.- DISCAPACIDADE (sempre que lle permita realizar os traballos con prácticas a desenvolver con ocasión da participación no Obradoiro; aportarse certificado de discapacidade)

- Minusvalía > = 33%.....1 puntos

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego.....1 puntos
- Perceptores de subsidios.....2 puntos
- Non perceptores.....3 puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses.....1 puntos
- De 12 a 18 meses.....2 puntos
- Máis de 18 meses.....3 puntos

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos.....0,5 puntos
- Grupo de cotización do 1 ao 7.....0,6 puntos
- Grupo de cotización 8.....0,7 puntos
- Grupo de cotización 9.....0,8 puntos
- Grupo de cotización 10.....0,9 puntos
- Sen emprego anterior.....1 punto.

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (ACREDITADO MEDIANTE CERTIFICACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO RESPECTIVO OU DO SERVIZO DE PRESTACIÓNS, INCLUSIÓN, INMIGRACIÓN, DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE,...)

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores RISGA..... 1 puntos

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- ESO, Bacharelato/ BUP e ciclo medio FP / certificado de N3..... 3 puntos
- Títulos universitarios de ciclo superior FP.....2 puntos

9.- PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS..... 1 puntos

10.- ITINERARIO DE INSERCIÓN PROFESIONAL (IPI)

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (IPI) con anterioridade á resolución da convocatoria, sempre que se



encontren dentro dalgunha das especialidades que se vaian impartir no obradoiro
..... 1 puntos

11.- PARTICIPACIÓN ANTERIORES OBRADOIROS DE EMPREGO

- Non participou nun obradoiro de emprego nos últimos 5 anos..... 6 puntos

12.- ENTREVISTA

- Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo..... 7 puntos

